

## PROPOSTA DE ALCALDÍA

### BASES DE SELECCIÓN QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL EN PRÁCTICAS A DUN/HA TITULADO/A DIPLOMATURA EN BIBLIOTECONOMIA E DOCUMENTACIÓN/GRAO EN INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN/LICENCIATURA EN DOCUMENTACIÓN,

Vistas as bases do Programa de Fomento da Empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu Primeiro Emprego" para o ano 2020, da Deputación de Pontevedra; publicadas no BOP nº 117, de data 19/09/2020.

Visto o Anexo III das citadas bases do programa, de táboa salarial aplicable en defecto de convenio laboral, en defecto de existencia de Convenio aplicable, en cada Concello.

#### ANEXO III TÁBOA SALARIAL APLICABLE EN DEFECTO DE CONVENIO

Grupo	Nivel	Soldo	60 % do soldo	Paga extra	60 % Paga extra	Complemento de destino	60 % do complemento de destino	Complemento para alcanzar o SMI	Retribución / mes (60 %)
A1	20	1.203,57	722,14	203,32	121,99	467,83	280,70		1.124,83€
A2	16	1.040,68	624,41	189,80	113,88	372,32	223,39	146,65	1.108,33€
C1	11	781,38	468,83	155,53	93,32	282,27	169,36	376,82	1.108,33€

Vista a solicitude presentada polo Concello de Ribadumia, ao abeiro das citadas bases, para a contratación en prácticas, dun/ha titulado/a diplomatura en biblioteconomía e documentación/grao en información e documentación/licenciatura en documentación, por un periodo de seis meses, prorrogables en caso de existencia de crédito e de que o Conceda a Deputación de Pontevedra; en base ó seguinte:

Titulación	Grupo Cotizac.	Porcentaxe do salario	Retribucións				CNAE	Cpto mensual alcanzar S.M.I.	Cotización empresarial á seguridade social mensual	Total
			Salario mensual	Parte proporcional paga extra	Complementos salariais	Total bruto mensual				
biblioteconomía documentación/grao información documentación/licenciatura en documentación	2	60 %	1040,68€	189,80 €	372,32 €	1602,80 €	8411	146,65€	375,06 €	1.483,39 €

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, de data 28/08/2020, de concesión a este concello unha subvención para a contratación, por un periodo de



seis meses prorrogables, dun/ha titulado/a biblioteconomía e documentación/graou en información e documentación/licenciatura en documentación por importe de 6.000 €. Tendo en conta que o cadro de financiamento é o seguinte:

FINANCIAMENTO	MENSUAL	APORTACIÓN TOTAL(6 meses)
Deputación Pontevedra	1.000 €	6.000 €
Concello	483,39€	2.900,34 €
TOTAL	1.483,39 €	8.900,34 €

Vista a obrigatoriedade de empregar únicamente os seguintes criterios de Selección establecidos no Anexo V das bases do Programa de Fomento da Empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu Primeiro Emprego" para o ano 2020:

**ANEXO V CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DE PERSOAS TITULADAS UNIVERSITARIAS E DE FORMACIÓN PROFESIONAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES**

**ANTECEDENTES.** Segundo o acordo adoptado na Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra do 5 de xuño de 2020 apróbase o plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra, denominado "O teu primeiro emprego" 2020, que se estrutura en catro programas de actuacións: a) "O teu primeiro emprego" na Deputación Provincial de Pontevedra. b) "O teu primeiro emprego" nos concellos. c) "O teu primeiro emprego" nas empresas e corporacións sectoriais. d) "O teu primeiro emprego" en organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra. Cada un dos programas que integran este plan desenvólvese en dúas fases: 1. Primeira fase: determinación das titulacións requiridas para a formalización dos contratos en prácticas coa Deputación provincial, cos concellos, coas empresas e corporacións sectoriais e coas organizacións non gobernamentais, segundo as bases desenvolvidas para cada programa. 2. Segunda fase: selección das persoas beneficiarias destas contratacións. A segunda fase do programa de actuación, correspondente aos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, levarase a cabo conforme as seguintes BASES,

**1. Obxecto.** Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección das persoas beneficiarias das subvencións destinadas á contratación laboral en prácticas de tituladas e titulados universitarios e de formación profesional co fin de que poidan adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitarlles a súa inserción no mercado laboral.

**2. Selección das persoas beneficiarias dos contratos en prácticas.** 1. Na selección das



persoas beneficiarias dos contratos en prácticas aplicaranse criterios de valoración obxectivos, segundo o expediente académico, os estudos cursados, a formación relacionada co posto de traballo que van ocupar, o nivel de coñecementos etc. 2. Os concellos, como entidades colaboradoras, serán os encargados de levar a cabo a selección mediante a presentación da correspondente oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego do domicilio da entidade beneficiaria. Presentarase por titulacións de acordo cos seguintes principios xerais: c) A oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios establecidos nestas bases. d) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de selección a experiencia laboral na titulación requirida. 3. A selección efectuarase entre persoas demandantes de emprego desempregadas ou coa tarxeta de mellora de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas. O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial. 4. Unha vez presentada a oferta de emprego, o Servizo Público de Emprego preseleccionará as persoas candidatas segundo as titulacións dos postos de traballo que van ocupar e a razón dun máximo de 5 por posto, que lle remitirá ao concello para selccionar as persoas beneficiarias destas contratacións en prácticas. 5. Na páxina web da Deputación publicaranse as titulacións dos postos de traballo solicitados polas entidades colaboradoras e os criterios de valoración deste proceso selectivo. 6. Se ao tramitar a oferta non se atopan persoas candidatas idóneas, a entidade beneficiaria poderá acudir a outros procedementos de selección, de conformidade coa normativa vixente na materia, sempre que se garantan a idoneidade e o cumprimento dos requisitos esixidos para esta contratación, sen que sexa necesario neste caso a inscrición das persoas que se van contratar como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. 7. Para levar a cabo a selección o concello nomeará un tribunal cualificador, do que poderá formar parte o persoal funcionario do propio concello, así como dos concellos colindantes, cuxa composición deberá adecuarse aos principios que regulan a constitución e o funcionamento dos órganos de selección. 8. A selección deberá realizarse dentro da data límite establecida na resolución na que se concede a subvención.

**3. Criterios de selección das persoas beneficiarias das contratacións en prácticas.** O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios: a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real decreto. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos. b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa: 2,00 puntos. c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de



1 punto. d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai ocupar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento). e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai ocupar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito: a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos. Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas. O tribunal cualificador poderá requirirllas ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas. As persoas candidatas que accedan con titulacións de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario. O enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster é o seguinte: <http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestiontitulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html> Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmete no día e na hora que sinala o concello.

As puntuacións outorgadas publicaranse na páxina web do concello ou no taboleiro de anuncios da casa consistorial. No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza una infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados. No taboleiro de anuncios do concello publicaranse as puntuacións outorgadas, xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada unha das titulacións ofertadas, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as



correspondentes suplentes.

**4. Contratacións en prácticas.** 1. As persoas seleccionadas, de conformidade cos procedementos establecidos na base anterior, serán beneficiarias dunha contratación en prácticas a tempo completo pola entidade colaboradora, de acordo coa normativa vixente e tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse dentro do exercicio 2020, nos termos expresados na resolución de concesión. 2. A concesión e o gozo destas axudas non suporá, en ningún caso, unha relación contractual ou laboral coa Deputación Provincial de Pontevedra. 3. As entidades colaboradoras deberán facilitarlles ás persoas contratadas os elementos persoais e materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo. Serán as persoas responsables da entidade colaboradora as que lles impartirán todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices ás e aos traballadores e as responsables da calidade técnica das tarefas que desenvolvan.

**5. Recursos Contra o acordo de aprobación destas bases,** que poñen fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso administrativo perante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo isto sin prexuício de que se poida utilizar calquer outro recurso que se estime convinte.

O carácter temporal desta praza, unido á urxente necesidade de que o proceso de selección se faga dentro do prazo sinalado pola Deputación Provincial de Pontevedra, fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

Dadas as competencias desta Alcaldía, de acordo co establecido nos artigos 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En base ao anterior, PROPOÑO:

1º.- Aproba-la correspondente convocatoria da praza dun/ha titulado/a biblioteconomía e documentación/grao en información e documentación/licenciatura en documentación, tendo en conta que só poderán optar a ela os/as candidatos/as que previamente remita ó Concello a Oficina de Emprego de Cambados.

2º Remitir á oficina de Emprego correspondente en modelo normalizado da Consellería



de Economía, Emprego e Industria, unha solicitude de remisión de relación de candidatos.

3º. Aproba-las seguintes bases que rexerán a contratación en prácticas do/a beneficiario/a de "O teu Primeiro Emprego".

### 1.- OBXETO DA CONVOCATORIA

As presentes Bases regulan o procedemento selectivo para a contratación laboral en prácticas, a xornada completa e co 60% das retribucións mensuais, dun/ha titulado/a biblioteconomía e documentación/grao en información e documentación/licenciatura en documentación, grupo de cotización 2 e por un período de 6 meses prorrogables en caso de existencia de crédito e de que o conceda a Deputación de Pontevedra.

### 2.- DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato en prácticas terá unha de duración de 6 meses prorrogables en caso de que o conceda a Deputación de Pontevedra e existe consignación orzamentaria.

### 3.- RETRIBUCIÓN

Únicamente se terá en conta a táboa do Anexo III das bases, a efectos salariais.

En base ao anterior, as contías mensuais serían:

Titulación	Grupo Cotizac.	Porcentaxe do salario	Retribucións				CNAE	Cpto mensual alcanzar S.M.I.	Cotización empresarial á seguridade social mensual	Total
			Salario mensual	Parte proporcional paga extra	Complementos salariais	Total bruto mensual				
biblioteconomía documentación/g rao información documentación/li cenciatura en documentación	2	60 %	1040,68€	189,80 €	372,32 €	1602,80 €	8411	146,65€	375,06 €	1.483,39 €

### 4.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Tendo en conta que a base 3.3 e o punto 2.3. de bases , do Anexo V do Programa "O teu primeiro Emprego", os requisitos que deben de cumprir os/as aspirantes, son os seguintes:

a) Que sexan demandantes de emprego desempregados ou co cartón de mellora de emprego, inscritos/as no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos



esixidos para a formalización dun contrato en prácticas.

- b) Que estean en posesión de título de biblioteconomía e documentación/grao en información e documentación/licenciatura en documentación, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional
- c) Que non transcorresen mais de cinco anos, ou de sete cando o contrato se celebre unha persoa con discapacidade, desde a terminación dos estudos.
- d) Que non estivesen contratadas ou contratados en prácticas pola mesma ou distinta persoa física ou xurídica por tempo superior a un ano (o que deberá comprobar a entidade colaboradora a través da vida laboral das persoas candidatas, os grupos de cotización asignados son o 1 ou 2 para universitarios e o 3 para os ciclos superiores). Tódolos requisitos esixidos deberán posuílos os/as aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, alomenos, ata a data da súa contratación.

## 5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

As bases da selección publicaranse na páxina web do Concello de Ribadumia, <https://www.ribadumia.org/>, e no taboleiro de anuncios do Concello, dende o mesmo día da súa aprobación e ata a finalización do proceso selectivo.

Tal e como establecen a base 14 e a base 2 do Anexo V do programa "O teu primeiro emprego", o Concello presentará unha oferta de emprego do ámbito de búsqueda a nivel municipal. No caso de que non se cubra o posto a nivel municipal ampliarase a oferta a nivel provincial.

O citado plan tamén establece que a Oficina de Emprego correspondente, neste caso a de Cambados, remitirá ó Concello a relación de candidatos/as, cun máximo de 5 por posto, preseleccionados/as por ela, entre demandantes de emprego desempregados/as ou co cartón de mellora de emprego, inscritos/as no Servizo Público de Emprego e que cumbran os requisitos esixidos.

Sen prexuízo de que poda empregar outro medio de comunicación adicional, o Concello notificará ós/ás candidatos/as a súa inclusión na relación remitida pola oficina de Emprego de Pontevedra, mediante inserción na páxina web do Concello de Ribadumia, <https://www.ribadumia.org/>, e no taboleiro de anuncios do Concello.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40002179500X3N5P9F1W0S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

### FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 10/09/2020  
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 10/09/2020  
13:23:35

EXPEDIENTE :: 2020315  
20000038  
Fecha: 08/09/2020  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL



**Os/as candidatos/as que figuren na relación remitida pola oficina de emprego disporán de 4 días hábiles dende a realización da oferta á oficina de emprego para presentar as súas solicitudes de participación no proceso selectivo,** así coma a documentación xustificativa dos méritos ó concello podendo empregar as diferentes vías existentes; entendendo que desisten de participar aqueles que non presenten documentación. No caso de que presenten a documentación todos/as os/as candidatos/as e dada a urxencia da contratación poderase seguir co proceso selectivo aínda que non pasasen os 4 días hábiles.

O seguinte paso é a publicación, na páxina web do Concello de Ribadumia, <https://www.ribadumia.org/>, e no taboleiro de anuncios do mesmo, da **lista de Admitidos/as-Excluídos/as do proceso selectivo.**

A **bareación de méritos** realizarase polo tribunal cualificador, nas oficinas do Concello, o día establecido.

O tribunal cualificador propondrá á Alcaldía a contratación do/a aspirante que obtivera maior cualificación total sen exceder do número de postos de traballo.

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes, atenderase á base 3 do Anexo V do Programa "O teu primeiro emprego": "...a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza una infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade. En caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados..."

Asemesmo, publicarase na páxina web do Concello de Ribadumia, <https://www.ribadumia.org/>, e no taboleiro de anuncios do Concello, a **resolución de alcaldía coas puntuacións acadadas polos/as candidatos/as e os/as seleccionado/a** e procederase á formalización do contrato nos días hábiles seguintes.





## 6.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Os/as candidatos/as, preseleccionados/as pola oficina de emprego, interesados/as en participar no proceso selectivo convocado, deberán facelo mediante **presentación de instancia nos 4 días hábiles dende a realización da oferta á oficina de emprego**, á que xuntarán a seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Declaración xurada manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria á finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Título Académico e Certificación académica da nota media
- Vida laboral actualizada
- Outros títulos: máster, outras titulacións, cursos, etc que sexan baremables

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde Presidente do Concello e poderán ser presentadas diante do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello sendo o horario de presentación de documentación de luns a venres: 8:00 a 14:00 horas, ou en calquera das formas admitidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Se algún/a dos interesados fixera uso da facultade de presentar as súas ofertas por correo ou noutra oficina administrativa distinta da local, deberá acreditar co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos ou na oficina administrativa, e anunciar o mesmo día ao Concello por télex, fax (986716317) ou telegrama a remisión da documentación, xunto con copia do antedito resgardo.

## 7.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.

Atenderase ó establecido na base 3 do Anexo V,

### "3.—Criterios de selección das persoas beneficiarias das contratacións en prácticas

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:



- a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R. d. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos
- b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos
- c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto
- d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento)
- e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:
- a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.
- b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

**Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.**

**Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.**

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel



3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

Enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster:

*<http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestiontitulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>* )

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no día e hora que sinala o concello..."

### **8.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-**

O Tribunal que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes e propor a Alcaldía o/a aspirante coa maior puntuación para a súa selección. O tribunal está composto polos seguintes membros:

*Titulares:*

Presidente: M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo; Secretaria Interventora do Concello de Ribadumia

Vogal: Vanesa Míguez González; técnico administrativo do Concello de Ribadumia

Vogal: María José Miniño Fariña; administrativo do Concello de Ribadumia

Vogal: Tamara Oubiña Durán; recursos humanos do Concello de Ribadumia

Secretaria-vogal: Vanesa Jorge Argibay; Axente de emprego e desenvolvemento local

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de tres membros, titulares ou suplentes, sendo obrigatoria a presenza do presidente e a secretaria.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

### **9.- ACHEGA DE DOCUMENTOS.-**

Os/as aspirantes propostos/as para a súa contratación laboral temporal mediante **Contrato de Laboral en Prácticas**, deberán presentar a documentación acreditativa



de cumpli-los requisitos esixidos na base cuarta desta convocatoria.

### 10.- CONTRATO LABORAL.-

O Alcalde, de conformidade coa proposta vinculante do Tribunal Cualificador, dictará Resolución de contratación que se publicará na páxina web do Concello de Ribadumia, <https://www.ribadumia.org/>, e no taboleiro de anuncios do Concello, e subscribirá **Contrato Laboral en Prácticas**, co/a aspirante proposto/a segundo dispón a lexislación laboral.

### 11.- PERIODO DE PROBA

As persoas contratadas terán un periodo de proba de *dous meses* dende o inicio do contrato, podendo o Concello de Ribadumia rescindir o contrato das mesmas en caso de que non superen parte ou o total do periodo de proba. Para elo, precisarase dun informe do titor.

No caso de rescindir un contrato, atenderase á orde da lista de suplentes.

### 12.- RÉXIME XURÍDICO.-

O tribunal cualificador queda facultado para adopta-las decisións que estime pertinentes en aplicación das presentes bases para a boa marcha dos procesos de selección así como para resolver cantas dúbidas poidan plantexarse durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

No non previsto nas Bases, aplicarase supletoriamente a lei 7/1985, de 2 de abril, o Real decreto legislativo 5/2015, a lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real Decreto 896/91, o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, e o estatuto dos traballadores.

O Alcalde,

Asdo.: David J. Castro Mougán



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40002179500X3N5P9F1W0S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 10/09/2020  
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 10/09/2020  
13:23:35

EXPEDIENTE :: 2020315  
20000038  
Fecha: 08/09/2020  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL



**BASES DE SELECCIÓN QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A  
CONTRATACIÓN LABORAL EN PRÁCTICAS DUN/HA TITULADO/A  
DIPLOMATURA EN BIBLIOTECONOMIA E DOCUMENTACIÓN/GRAO EN  
INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN/LICENCIATURA EN DOCUMENTACIÓN  
(O TEU PRIMEIRO EMPREGO\_2020)**

**ANEXO I**

**MODELO DE INSTANCIA**

NOME E APELIDOS:

.....

DNI:.....

ENDEREZO:.....

.....

TELÉFONO:.....

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Que cumpro con todos os requisitos para ser admitido en virtude da Base 4 da convocatoria

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA XUNTO COA SOLICITUDE:

A presente instancia, debidamente cuberta e asinada

Documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.

Declaración xurada manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Título Académico e Certificación académica da nota media

Vida laboral actualizada

Outros títulos: master, outras titulacións, cursos, etc que sexan baremables

AUTORIZACIÓNS

Autorizo á consulta e tratamento dos meus datos por parte do Concello de Ribadumia.

Non autorizo a consulta e tratamento dos meus datos por parte do Concello de Ribadumia.

Ribadumia, a ..... de ..... de 2020

Asdo.....



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40002179500X3N5P9F1W0S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 10/09/2020  
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 10/09/2020  
13:23:35

EXPEDIENTE :: 2020315  
20000038  
Fecha: 08/09/2020  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL

